

# Nota de Prensa



## ANPE GALICIA pide a recuperación das condicións laborais e económicas dos docentes galegos

O Sindicato ANPE solicita ao Goberno Autonómico a recuperación das condicións laborais e económicas dos docentes da Comunidade Autónoma.

Por iso, ante os múltiples acordos pechados polas distintas Comunidades Autónomas (Madrid, Castela a Mancha, Canarias, Cantabria, Castela León, A Rioxa...) ANPE esixe ao Goberno da Xunta de Galicia que invista os medios económicos necesarios para conseguir a recuperación das condicións laborais do profesorado ao seu estado anterior ao comezo dos recortes, así como diálogo e negociación no plano educativo.

ANPE esixe un **gran Acordo** que leve á revisión de todos os recortes e que comporte unha mellora nas condicións de traballo do profesorado e unha aposta decidida pola atención á diversidade. A maioría das comunidades negociaron acordos de mellora, mentres que os Gobernos de Núñez Feijoo só aplicaron recortes sen logro algún para o profesorado galego.

ANPE seguirá as vías da negociación e da presión sindical para recuperar todos os dereitos perdidos e para que tanto o Goberno Autonómico como a Consellería de Cultura e Educación, aposten decididamente polo ensino público en nosa comunidade.

**Secretaría de Comunicación**

Santiago, 18 de xaneiro de 2018